

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Convocatoria e bases 3 prazas oficial policía local

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía número 1595/2026, de 17 de xuño de 2026, aprobouse a convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para cobertura en propiedade, de tres prazas de persoal funcionario de carreira do posto de Oficial de Policía Local, que se achegan ao presente.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA COBERTURA EN PROPIEDAD, DE TRES PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL, GRUPO/SUBGRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, ESCALA BÁSICA-SERVIZOS ESPECIAIS, DÚAS DELAS POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, EN QUENDA RESTRINXIDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2026) E OUTRA POLO SISTEMA DE CONCURSO EN QUENDA DE MOBILIDADE (OEP 2027/2028)

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria e bases, a regulación do proceso selectivo para cobertura en propiedade de dúas prazas de Oficial de Policía Local polo sistema de concurso oposición en quenda restrinxida de promoción interna (correspondentes á OEP 2026) e outra praza de Oficial de Policía Local polo sistema de concurso de méritos en quenda de mobilidade (correspondente á OEP 2027/2028) conforme á disposición adicional décimo oitava da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. Esta última praza descontarase das ofertas de emprego público de 2027 e 2028, agás que o órgano competente da Administración do Estado autorice expresamente un incremento de dotación orzamentaria para a oferta de emprego público da que dependa a citada convocatoria.

Estas bases establécense en aplicación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, do regulamento que a desenvolve, Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro e da Orde do 28 de xaneiro do 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais.

As prazas convocadas están dotadas coas retribucións correspondentes ao subgrupo C1 segundo a clasificación dada polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e demais retribucións complementarias consonte os acordos adoptados pola Corporación para o efecto e concretados na RPT en vigor.

0301: Servizo Policía

Cód.	Denominación do posto	L/F	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Clasificación do posto				Titulación académica	Adscrición	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subes cala				
030108	Oficial Policía Local	F	8 (6+2 2ª act*)	20	21.831,60 €		C	AL	C1	Administración Especial	Servizos Especiais	Bacharelato/ Técnico	Área 3	Permiso B e A2	Promoción interna (DP)(N)(T) (S)(F)

* Os importes determinados en CE corresponden a previsións anuais supeditadas ás modificacións determinadas polo marco legal estatal.

Entre as funcións propias do posto de traballo están as estipuladas de forma xenérica nos artigos 53 da Lei de forzas e corpos de seguridade e no artigo 8 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, e lexislación de modificación posterior e, a maiores, figuran na RPT:

- Colaborar co Inspector/a na organización do persoal o seu cargo
- Realizar e controlar os partes de servizo diarios
- Supervisión directa do cumprimento dos servizos encomendados aos/ás Policía
- Apoio aos/ás Inspectores no servizo diario
- Trasladar as incidencias aos superiores xerárquicos/as

2.- REQUISITOS ESIXIDOS

2.1.- Para ser admitidas á realización de estas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Nacionalidade: Ter a nacionalidade española.
2. Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto a desempeñar.
3. Idade: Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.
4. Habilitación: Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública, de órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso dos/as estranxeiros/as con nacionalidade española, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de orixe, o acceso ao emprego público nos mesmos termos que os dos españois.

5. Titulación: Estar en posesión de titulación académica necesaria para o acceso ao subgrupo C1 (estar en posesión de título de Bacharelato, Técnico de Formación Profesional ou calquera outro equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia.

Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

6. Carecer de antecedentes penais por delito doloso.
7. Ademais para as prazas de oficial de policía local por promoción interna: Ser funcionaria/o de carreira do corpo de Policía Local do Concello de Arteixo cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría de Policía, computándose neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación, así como os tempos en que a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas de conformidade ao establecido polo artigo 33.3 da Lei 4/2007. Atoparse en situación de servizo activo no corpo de Policía Local de Arteixo.
8. Para a praza de oficial de policía local por mobilidade: Ter en propiedade praza de funcionario de carreira na categoría de oficial de policía noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia; estar na situación de servizo activo na categoría de oficial de policía noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia; contar cun mínimo de tres anos na mesma categoría; levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino; non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo casos de segunda actividade por embarazo ou lactación. A persoa adxudicataria deberá permanecer no posto un mínimo de tres anos antes de poder participar noutros concursos de mobilidade de conformidade ao establecido polo artigo 43.3 da LCPL.

2.2.- Os requisitos establecidos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo ata a data do seu novo nomeamento como persoal funcionario.

3.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Alcaldía-Presidencia. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no modelo debidamente cumprimentado, na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **20 días naturais** contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, toda vez se teñan publicadas as presentes bases reguladoras no BOP da Coruña e remitido anuncio de convocatoria ao DOG.

Complementariamente, as bases publicaranse na web municipal aos meros efectos informativos, sen que tal publicación sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

Para ser admitida/o e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación, especificando na instancia si solicitan participar na quenda de promoción interna ou na de mobilidade, ademais de presentar a documentación requirida.

Á instancia acompañarase inescusablemente da seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

Non será necesario presentar a documentación que xa figure nos expedientes do servizo de Persoal e RR.HH. do Concello de Arteixo, debendo requerirse a súa incorporación por parte das persoas aspirantes.

1. Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade e idade (non será necesaria no caso de obrar no rexistro de persoal municipal).
2. Titulación esixida como requisito nas presentes bases (non será necesaria no caso de obrar no rexistro de persoal municipal).
3. Para a praza de promoción interna: Certificado de prestación de servizos nesta Administración no que se acredite a situación de servizo activo no corpo de Policía Local de Arteixo e a condición de ser funcionaria/o de carreira do mesmo corpo de Policía Local de Arteixo cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría de Policía, computándose neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación, así como os tempos en que a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas.

Para a praza de mobilidade: Certificado acreditativo de ter en propiedade praza na categoría de oficial de policía nalgún dos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na dita categoría, de contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría, de levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino e de non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás nos casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.

4. Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na base 2.1. ou, no seu caso, **declaración contida no modelo de instancia** que se achega ás presentes bases.
5. **AUTOBAREMO asinado** segundo modelo que se achega ás presentes bases (ANEXO III) xunto con toda a documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais referenciados no autobaremo. Se algunha persoa aspirante non aportara o autobaremo, quedará excluída do proceso selectivo. Incluso as persoas aspirantes con 0 puntos de méritos deberán aportar tal documento asinado. Non se poderá aportar documentación de méritos non referenciados no autobaremo nin daqueles que non estean cumpridos na data de expiración do prazo de presentación de instancias. Se algunha persoa aspirante non achegara a documentación acreditativa dos méritos do autobaremo, será cualificado con 0 puntos na fase de concurso.
6. Copia do Celga 4, título de perfeccionamento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización de proba de galego (non será necesaria no caso de obrar no rexistro de persoal municipal).
7. **Xustificante de pagamento** de ter aboado a taxa de dereitos de exame nos servizos económicos municipais. Para o pago da taxa de dereitos de exame, as persoas aspirantes deberán AUTOLIQUIDAR e PAGAR TAXAS de dereitos de exame, antes das 23:59 horas do último día de prazo de presentación de instancias, a través da oficina Virtual Tributaria do Concello de Arteixo, no link: <https://ovtarteixo.dacoruna.gal>. Ou ben, deberán poñerse en contacto co departamento de Rendas (981 600 009, extensión 4029, 4030 e 4031 ou rendas@arteixo.org) antes das 14:00 horas do último día de prazo de presentación de instancias, a fin de que lles remitan unha carta de pagamento/documento de liquidación de taxa, que deberá facerse efectivo dentro do prazo de presentación de instancias e que se poderá pagar de calquera das seguintes maneiras:

- a) Nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborais: Abanca, Banco Bilbao Vizcaia Argentaria (BBVA), Banco Santander, Caixabank ou Banco Sabadell
- b) A través da banca electrónica se é cliente dalgunha das citadas entidades colaboradoras
- c) Con tarxeta de crédito ou débito na pasarela de pagos, copiando este link no navegador: <http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online>

Quedarán exentas do pagamento da taxa de dereitos de exame, aquelas persoas aspirantes que acrediten discapacidade e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de discapacidade superior ao 33% ou certificado do SEPEG de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en 19,61 €, e só serán devoltos a quen non fora admitida/o ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é, unicamente a aquelas persoas aspirantes que resulten excluídas na listaxe definitiva.

4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo

para subsanación da documentación que, segundo os termos da Lei 39/2015, é de 10 días hábiles dende a publicación no BOP da Coruña, sede electrónica e taboleiro de anuncios da Casa do Concello da aprobación da listaxe provisional. Complementariamente e unicamente aos efectos informativos a listaxe provisional publicárase na páxina web municipal.

Na listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, tamén se designará nominativamente aos membros integrantes do Tribunal cualificador.

No caso de non existir persoas aspirantes excluídas, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, outorgándose non obstante un prazo para abstención/recusación dos membros do Tribunal. Publicárase no BOP da Coruña, sede electrónica e taboleiro de anuncios da Casa do Concello, e complementariamente na web municipal aos meros efectos informativos, a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas e o lugar, día e hora de comezo das probas selectivas.

Comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así coma a listaxe de persoas aspirantes aprobadas en cada exercicio, efectuarase na sede electrónica e taboleiro de anuncios da Casa do Concello e complementariamente na web municipal.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1.- No Decreto da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, designarase nominativamente a composición do Tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

5.2.- O Tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 34 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e os artigos 55.1.c) e d) e artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como garantindo os criterios de competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e estará composto do seguinte xeito:

- Presidencia: Persoal funcionario de carreira do grupo/subgrupo A1-A2 do Concello de Arteixo ou doutra Administración Pública (titular e suplente)
- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: Secretaria/o da corporación ou persoal funcionario da corporación que o substitúa (titular e suplente)
- Vogais: Tres vogais, sendo persoal funcionario de carreira de calquera Administración Pública (titulares e suplentes)

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesoras/es especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, que actuarán con voz e sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia da Presidencia e da/o Secretaria/o, titular ou suplente.

5.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nestas bases.

5.5.- Os acordos adoptados polo Tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5.6.- Os membros do Tribunal terán dereito ás indemnizacións pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

5.7.- Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas ou desestimadas) as solicitudes de emenda, así como recusación/abstención dos membros do Tribunal, de ser o caso.

6.- PROCESO SELECTIVO QUENDA PROMOCIÓN INTERNA CONCURSO - OPOSICIÓN:

6.1.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA E CUALIFICACIÓN

Desenvolvemento do proceso selectivo: O proceso selectivo a través de procedemento de concurso-oposición e consistirá nunha fase de concurso (40%) previa á fase de oposición (60%).

As referencias normativas do temario entenderanse referidas ás disposicións legais vixentes na data de publicación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no BOP da Coruña.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade a requirimento da/o Secretaria/o do Tribunal cualificador pese a que os exercicios da fase de oposición, cando deban ser corrixidos directamente polo Tribunal, realizaranse con código de anonimato.

6.1.1. - FASE DE CONCURSO:

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada unha das persoas aspirantes nas súas solicitudes.

Os méritos deberán ser acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude

En aplicación do disposto polo Decreto 15/2023 do 12 xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías locais de Galicia, no concurso-oposición, a valoración total dos méritos será obxecto de limitación, cun máximo de puntos preestablecido (24,50 puntos). Tendo en conta que á fase de concurso corresponderalle unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia este máximo de puntos que as persoas aspirantes poderán conseguir no concurso (24,50 puntos), ao cal outorgaráselle os catro puntos. Proporcionalmente asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

BAREMO DE MÉRITOS

A.1.- Titulacións académicas (máximo 4 puntos):

Tendo en conta o previsto no artigo 76 e na Disposición Transitoria Terceira do Estatuto Básico do Empregado Público, as titulacións que se baremarán serán as seguintes:

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos
- Título de Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos
- Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Puntuación máxima do epígrafe A.1: 4,00 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta, e se fose o caso, o BOE no que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A.2.- Antigüidade (máximo 4 puntos):

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das Administracións Públicas: 0,05 puntos

Puntuación máxima do apartado A.2: 4,00 puntos.

A.3.- Conciliación (máximo 0,50 puntos):

Neste apartado, en cumprimento do artigo 29 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, e da Disposición Final Terceira da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establecerase, para o persoal funcionario, que estea a utilizar ou teña utilizado, nos últimos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria específica no BOP dereitos de conciliación familiar, un máximo de 0,5 puntos, nos seguintes termos:

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,2 puntos/permiso

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dunha/un filla/o: 0,2 puntos/permiso
- Redución de xornada por motivos familiares: 0,2 puntos. A estes efectos, solo se computará unha redución por ano e se tomará como data de referencia a data do seu inicio. No suposto de que o seu goce esténderase na anualidade seguinte á de inicio, computarase como unha soa redución
- Excedencia por coidado de familiares: 0,02 puntos/mes
- A puntuación asignada será proporcional ao tempo de duración do permiso, da redución ou da excedencia gozado en cada caso.

Puntuación máxima do epígrafe A.3: 0,50 puntos.

A.4.- Formación e docencia (máximo 8 puntos):

A.4.1.- Formación profesional continua:

A.4.1.1.- Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con Concellos, Deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos

A.4.1.2.- Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas Universidades, Administracións Públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 do Anexo I desta orde, nin a superación de materias destes.

A.4.2.- Docencia:

A.4.2.1.- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con Concellos, Deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A.4.2.2.- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas Universidades, Administracións Públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición. Os méritos desta epígrafe A.4 deberán acreditarse dentro do prazo que se determine, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, de ser o caso.

Puntuación máxima do apartado A.4: 8,00 puntos.

A.5.- Distincións e recompensas oficiais (máximo 2 puntos):

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos
- Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos

Puntuación máxima da epígrafe A.5: 2,00 puntos.

A.6.- Idiomas (máximo 4 puntos):

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado da Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

A.6.1.- Ciclos:

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos

A.6.2.- Niveis:

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.6: 4,00 puntos.

A.7.- Lingua galega (máximo 2 puntos):

- Celga 1: 0,25 puntos
- Celga 2: 0,50 puntos
- Celga 3: 0,75 puntos
- Celga 4: 1,00 puntos
- Curso de iniciación: 0,75 puntos
- Curso de perfeccionamento: 1,00 puntos
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50 puntos
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00 puntos

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.7: 2,00 puntos.

6.1.2.- FASE DE OPOSICIÓN (CARÁCTER ELIMINATORIO):

1. Desenvolvemento da fase de oposición

- a. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único e será excluída/o do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo Tribunal.
- b. A orde de actuación das persoas opositoras naqueles exercicios ou probas que non podan realizarse conxuntamente, iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «M», de conformidade co previsto Resolución do 22 de xaneiro de 2026 (DOG nº 16 do 24 de xaneiro de 2026). Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos na sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, complementariamente, na web municipal cunha antelación que posibilite que dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas. Cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolle ás persoas opositoras un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración destes.

- c. As mulleres embarazadas que, por circunstancias derivadas do seu avanzado estado de gestación e previsión de parto o , eventualmente nos primeiros días de puerperio, prevean a posibilidade de coincidencia coas datas de realización de calquera dos exámenes previstos no proceso selectivo, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, adxuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous días seguintes ao anuncio de data de exame e o tribunal determinará, en base á información de que dispoña, si procede ou non realizar a proba en lugar alternativo ou ben aprazar a mesma, ou ben ambas medidas conxuntamente.
- d. En calquera momento do proceso selectivo os órganos competentes de selección poderán requirir ás persoas opositoras para que acrediten a súa identidade. Non obstante, os exercicios da fase de oposición realizaranse con código de anonimato.
- e. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algunha das persoas aspirantes non cumpre todos os requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia á persoa interesada, deberá propoñer a súa exclusión ao Sr. Alcalde-Presidente, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas pola persoa aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes.
- f. Concluído cada un dos exercicios da oposición, o Tribunal fará pública, na sede electrónica, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e complementariamente na web municipal, a relación de aspirantes que acadaran o mínimo establecido para superalo con indicación da puntuación (no caso de exercicios eliminatorios) ou ben a cualificación obtida (no caso de exercicios non eliminatorios), podendo publicarse nome e apelidos parciais ou DNI parcial ou código de anonimato das persoas aspirantes presentadas.
- g. O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios que teñan que ser corrixiados directamente polo Tribunal sexan corrixiados sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes. O Tribunal excluírá a aquelas persoas candidatas que presenten exercicios con marcas ou signos que permitan coñecer a identidade da persoa opositora. A tal efecto, unha vez efectuada a corrección dos exercicios indicados, procederase por parte do Tribunal á apertura dos sobres pechados que permitan asociar a cada aspirante co seu código identificativo.
- h. Os exercicios que se celebren por escrito con desenvolvemento de texto poderán ser lidos publicamente, se así o acorda o Tribunal.

Como norma xeral, establecerase un prazo de tres días hábiles, contados dende a data de publicidade das cualificacións dos distintos exercicios, para solicitar revisión de exámenes realizados ou para presentar alegacións sobre cualificacións outorgadas polo Tribunal. Todo isto, sen prexuízo do establecido legalmente na base final sobre impugnacións das actuacións do Tribunal e sen que isto implique paralización ou suspensión do proceso selectivo, salvo que o Tribunal así o considere para maior seguridade xurídica do procedemento.

Con carácter xeral en todos os exercicios da fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estea en vigor no momento de publicación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas.

Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o Tribunal deberá cualificar os exercicios das persoas aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria e, no suposto de desenvolver os mesmos, deberá acreditar o coñecemento dos criterios específicos de avaliación por parte das persoas aspirantes, con carácter previo á realización dos exercicios.

2. Exercicios da fase de oposición

A fase de oposición será posterior á fase de concurso e constará de dúas probas de coñecementos referido ao temario da presente convocatoria e que se recolle no Anexo I. Así mesmo, de ser necesario, inclúese unha terceira proba consistente nunha proba de coñecemento do idioma galego.

Primeira proba: EXAME TEÓRICO TIPO TEST (carácter obrigatorio e eliminatorio): 10 puntos máximo, mínimo de 5 puntos para superalo.

Consistirá en contestar por escrito nun período máximo de 2 horas a 120 preguntas tipo test determinadas polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionadas cos temas comprendidos no Anexo I da presente convocatoria.

Esta proba cualificarase polo Tribunal de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos para superalo. As persoas aspirantes que no acaden esa puntuación mínima serán eliminadas.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A-F)/3$. Sendo N = nota final da proba; A = preguntas acertadas; F = preguntas falladas ou non respondidas.

O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima para superar a proba.

Segunda proba: EXAME PRÁCTICO (carácter obrigatorio e eliminatorio): 10 puntos máximo, mínimo de 5 puntos para superalo.

Consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha hora, determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionado cos temas comprendidos no Anexo II da presente convocatoria.

As persoas aspirantes deberán ler este caso práctico ante o Tribunal nun tempo máximo de trinta minutos. No suposto de que algunha persoa aspirante non proceda á lectura, se o Tribunal determine a mesma, a cualificación do exercicio será directamente “Non apto”, sen mais avaliación, salvo casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polas persoas aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos. A ponderación de cada un destes criterios en cada un dos supostos será posto en coñecemento das persoas aspirantes con carácter previo á realización do exercicio.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos.

As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados.

Terceira proba: COÑECEMENTO DE GALEGO (carácter obrigatorio e eliminatorio): será cualificado “Apto” ou “Non apto”.

Deberan realizar esta proba aquelas persoas aspirantes que non presenten o certificado no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate, de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego Celga 4 esixido expedido por organismo oficial para tal efecto ou título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin. As persoas aspirantes que acrediten a posesión do referido título estarán exentas da realización desta proba, considerándose neste caso directamente como “Apto”.

As persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do Celga 4 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídas do proceso selectivo.

Consistirá na tradución escrita directa dun texto en castelán facilitado polo Tribunal, á lingua galega, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto será escollido polo Tribunal do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, podendo formarse con parágrafos de distintos textos, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba, dado que o texto non poderá ter máis de 100 palabras, sendo cualificados como non aptas aquelas persoas aspirantes que teñan 10 erros ou máis (tanto de tradución, como de gramática, como de acentuación).

3. Cualificacións da fase de oposición

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións da primeira e da segunda probas, sendo necesario alcanzar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos para superar a oposición de modo que se debe alcanzar un mínimo de 10 puntos na puntuación final da fase de oposición (correspondendo á fase de oposición unha porcentaxe do 60%, sendo o concurso o 40 %).

Para ponderar a puntuación final obtida na fase de oposición en relación ao 60%, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería alcanzar na oposición, sería un 10 (realizada a media aritmética de ambos 2 exercicios puntuables), outorgaríanselle 6 puntos. Deste modo, ambas puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo 10 puntos, correspondendo nesa puntuación unha porcentaxe máxima do 40% ao concurso e do 60% á da oposición.

A puntuación total de cada aspirante na fase de oposición, será publicada na sede electrónica, taboleiro de edictos da Casa do Concello e, complementariamente, na web municipal, outorgándose un prazo de alegacións de 3 días hábiles dende a publicación, sen prexuízo dos prazos legalmente procedentes para interposición de recurso de alzada ou calquera outro que as persoas aspirantes consideren procedente en defensa dos seus intereses.

6.2.- CUALIFICACIÓN FINAL DO CONCURSO OPOSICION

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva na sede electrónica, taboleiro de edictos da Casa do Concello e, complementariamente, na web municipal.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso-oposición. Esta puntuación final, xunto coa proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira, será publicada na sede electrónica, taboleiro de edictos da Casa do Concello e, complementariamente, na web municipal.

De conformidade co artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, en caso de empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata se producir o desempate:

- a) Preferencia á muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior e así de maneira sucesiva.
- c) Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos no apartado de formación profesional.
- d) Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.
- e) No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

6.3.- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS

As persoas aspirantes que superen coa maior puntuación total o concurso-oposición desta promoción interna e o cumprimento dos demais requisitos esixidos, serán nomeadas persoal funcionario en prácticas como Oficial da Policía Local de Arteixo e percibirán as retribucións correspondentes con cargo á Corporación.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuacións, unha listaxe de reserva. Na listaxe de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á das dúas persoas que obtiveron as prazas convocadas para o nomeamento como Oficiais en prácticas.

O Tribunal poderá declarar deserta unha ou as dúas prazas convocadas, se non resulta cuberta á finalización do proceso selectivo por non ser superado por algunha/ningunha das persoas aspirantes participantes no proceso selectivo.

Ademais, a persoa que resulte aprobada e nomeada deberá superar un curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública que será obrigatorio e necesario para poder tomar posesión como persoal funcionario de carreira no novo posto ao que accedese.

As persoas aspirantes propostas deberán presentar dentro do prazo máximo de 20 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta final de nomeamento), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que se esixen para tomar parte na selección, así como toda a documentación requirida polo departamento de Persoal e RR.HH. co fin de efectuar nomeamento e toma de posesión como persoal funcionario en prácticas desta Administración. As persoas que tivese relación anterior con esta Administración local estará exentas desta xustificación documental si xa a tivese demostrado para obter o seu anterior nomeamento.

A/s persoa/s aspirante/s que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser nomeada, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición. Nestes casos, e en caso de renuncia, falecemento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento da persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia no nomeamento xa realizado, poderase optar polo nomeamento da/o seguinte aspirante da listaxe de reserva.

6.4.- CURSO SELECTIVO DE FORMACIÓN

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes aprobadas no proceso serán nomeadas persoal funcionario en prácticas como Oficiais, mediante Resolución de Alcaldía, cos dereitos e deberes que legalmente lles corresponda.

As persoas aspirantes deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na AGASP como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de Oficial de Policía Local, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 56 do Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro.

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na AGASP, de conformidade co artigo 51 do Decreto 15/2023. En tal caso, será nomeada/os directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de Oficial de Policía Local.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na AGASP, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.

Superado o curso selectivo, a Academia Galega de Seguridade Pública emitirá informe nestes termos, de xeito que poida procederse ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión no posto correspondente, que terá carácter definitivo. O nomeamento como funcionarias/os de carreira será publicado no BOP da Coruña.

7.- PROCEDEMENTO DE CONCURSO POR MOBILIDADE

7.1.- CONTIDO DO PROCESO FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O concurso rexirase de conformidade co seguinte baremo de méritos:

A. Titulacións académicas oficiais

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos (Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posúa mais dunha)

Non se tendrán en conta, a efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se precisen como vía de acceso para a obtención de unha titulación superior xa valorada.

Respecto da equivalencia de titulación: para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia, como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

B. Antigüidade como funcionario/a de carreira

- Por cada ano de servizo, ou fracción superior a seis meses, na categoría de oficial de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizo, ou fracción superior a seis meses, na categoría de policía local: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizo, ou fracción superior a seis meses, noutro corpo de seguridade de calquera Administración pública: 0,05 puntos.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario/a de carreira.

C. Formación profesional e docencia

C.1. Formación profesional continua:

C.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo co seguinte baremo:

- Cada hora en actividades de tipo presencial con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de tipo presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

C.1.2. Os cursos ou actividades realizadas como alumno/a noutras actividades alleas á AGASP, que mostren manifesto interese policial e que fosen homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas Universidades, Administracións Públicas ou a través de plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1 punto.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 puntos; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, salvo que transco-

rese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso e os cursos necesarios para a obtención das titulacións xa valoradas no apartado A (titulacións académicas).

C.2. Docencia:

C.2.1. A participación como profesor/a en cursos ou noutras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de Policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

C.2.2. A participación como profesor/a en cursos ou noutras actividades alleas á AGASP, que mostren manifesto interese policial, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvolvidos nas Universidades, nas Administracións Públicas, ou a través de plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste epígrafe deberán acreditarse mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

D. Distincións e recompensas oficiais:

- Placa individual ao mérito da policía local: 2 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,50 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

E. Idiomas:

O coñecemento doutro idioma distinto do español e do galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas (EOI), valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1 punto.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2 puntos.

b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

F. Lingua galega (ata 2 puntos)

- Celga 1: 0,25 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 4: 1 punto.
- Curso de iniciación: 0,75 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 1 punto.
- Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel superior: 2 puntos.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

No proceso de valoración poderá recabarse formalmente das persoas interesadas as aclaracións ou, de ser o caso, a documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos alegados. Non se poderá aportar documentación de méritos non referenciados na relación de méritos, nin daqueles que non estean cumpridos na data de expiración do prazo de presentación de instancias. Se algún/ha aspirante non aportara a documentación acreditativa dos méritos da relación aportada, será cualificado con 0 puntos na fase de concurso .

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes na fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e complementariamente na páxina web municipal, abrindo un prazo de 5 días hábiles para posibilitar a presentación de alegacións/reclamacións das persoas aspirantes.

7.2.- DESEMPATE

De conformidade co artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, en caso de empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata se producir o desempate:

- a) Preferencia á muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior e así de maneira sucesiva.
- c) Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos no apartado de formación profesional.
- d) Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.

No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

O tribunal remitiralle ao Alcalde proposta de adxudicación como persoal funcionario de carreira, da praza de oficial de policía local do Concello de Arteixo, á persoa aspirante seleccionada polo procedemento de mobilidade. Esta proposta definitiva contendo proposta de nomeamento aprobarase por resolución do Alcalde, resolución que se publicará no BOP.

Neste proceso aplicarase o establecido polo artigo 40 do Decreto 15/2023 de 12 de xaneiro , sendo que as persoas aspirantes que participen en dous ou mais procesos de mobilidade están obrigadas a comunicar tal circunstancia a cada Concello antes de ditar a proposta final de adxudicación e nomeamento, comunicando ao Concello no que non vaia a tomar posesión, antes da resolución final, a súa renuncia.

O destino obtido como consecuencia da presente convocatoria é irrenunciable, agás que con anterioridade ao remate do prazo posesorio se obtivese outro destino mediante convocatoria pública. Neste caso a persoa interesada deberá optar e comunicar cal é a praza da súa elección, tal e como establece o artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Co fin de asegurar a cobertura da praza convocada, cando a persoa proposta opte por tomar posesión noutro destino, a Concellaría delegada requirirá do Tribunal de selección unha nova proposta de nomeamento. O Tribunal realizará neste suposto unha segunda proposta de nomeamento e, no seu caso, sucesivas propostas, en favor da persoa candidata que houbese obtido a seguinte mellor cualificación no concurso.

No suposto de quedar deserta a convocatoria por concurso de mobilidade , e de conformidade ao establecido polo art 11.5 do Decreto 15/2023, a praza non cuberta incrementará as reservadas a promoción interna.

De conformidade ao establecido polo artigo 42 do Decreto 17/2023, a persoa funcionaria seleccionada para una praza por mobilidade cesará no prazo de 5 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do concurso e proposta de nomeamento publicada no BOP e tomará posesión no prazo dos dez días hábiles seguintes ao de cese. O Concello de procedencia farase cargo das retribucións ate o día de cese e o Concello de Arteixo, a partir desa data. En calquera caso os prazos de cese e posesorios inicianse cando finalicen os permisos ou licenzas que tivese concedidos a persoa interesada.

9.- NORMA FINAL, LEXISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

As presentes bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así coma as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de réxime das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro do texto refundido do EBEP
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia
- Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración do estado e demais disposicións aplicables
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime Xurídico do sector público
- Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais
- Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais
- Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada
- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

ANEXO I: TEMARIO

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación.
3. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución. Dereitos fundamentais e liberdades II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. Tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade
4. Prohibición de tribunais de honor. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición
5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías de dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo
6. A coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno
7. O poder xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional
8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza
9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.
10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas
11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión
12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo
13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.
14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias
15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais
16. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación
17. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación
18. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas
19. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local
20. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias
21. A actividade da policía local como policía administrativa I. Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos
22. A actividade da policía local como policía administrativa II. Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental
23. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais
24. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal
25. Persoas responsables: autores e cómplices. Grados de perfección do delito

26. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais
27. Delitos contra a Administración Pública
28. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas
29. Homicidio e as súas formas. Delitos leves contra as persoas
30. Delitos e delitos leves contra o patrimonio e a orde socioeconómica
31. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas
32. Delitos contra a seguridade viaria. Delitos leves cometidos con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes
33. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereitos e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves
34. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura
35. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Deberes do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereitos do detido. Responsabilidades penais nas que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus
36. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais
37. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento
38. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de urxencia
39. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade
40. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio
41. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local
42. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de averiguación do grado de impregnación alcohólica
43. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural
44. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos
45. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía
46. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.
47. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas. O Plan de Igualdade de empregadas e empregados do Concello de Arteixo (a disposición na web municipal)
48. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos, regras e características do mando; relación con subordinados; técnicas de dirección e reunións
49. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.
50. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais

ANEXO II: MODELO INSTANCIA

Dona/Don:	DNI:
Enderezo _____	
Localidade _____ C.P. _____	
Teléfono de contacto _____ Correo electrónico _____	

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias de tres prazas de persoal funcionario do posto de OFICIAL DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE ARTEIXO, en quenda _____ (especificar promoción interna ou mobilidade).

Declarando explicitamente cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e, así mesmo, declarando non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar en situación de incompatibilidade nin inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente **declaración responsable da exactitude e veracidade** da documentación que se aporta xunto á presente:

1. DNI ou documentación acreditativa equivalente
2. Titulación establecida como requisito de acceso na categoría á que opta
3. Relación dos méritos académicos e profesionais, de conformidade ao baremo contido nas presentes bases
4. Xustificante de pagamento
5. Acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (Celga 4 ou perfeccionamento ou equivalente)
6. Acreditación de discapacidade, de ser o caso

Por todo o exposto **SOLICITA:** sexa admitida esta Instancia para participar na convocatoria enriba referida.

Data, DNI e sinatura da/o aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámite estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supor a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

ANEXO III: AUTOBAREMO OFICIAIS POLICIA LOCAL

Dona/Don..... declara pola presente, a veracidade dos méritos alegados (para autobaremar os seus méritos siga estritamente o establecido nas bases reguladoras e verifique que achega a documentación acreditativa solicitada segundo as mesmas).

SINALE O PROCEDEMENTO AO QUE OPTA: PROMOCIÓN INTERNA OU MOBILIDADE

.....

1. TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

2. ANTIGÜIDADE COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA

Administración	Posto traballo	(Especifique 1,2,3...)	Datas inicio e remate	Nº meses	Grupo cotización	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

3. CONCILIACIÓN (máximo 0,5 puntos no proceso de promoción interna)

Motivo de conciliación	Datas inicio e remate	Nº meses	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

4. FORMACIÓN PROFESIONAL E DOCENCIA**FORMACIÓN**

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

DOCENCIA

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

5. DISTINCIÓNS E RECOMPENSAS OFICIAIS

Distinción	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

6. IDIOMAS

Entidade formadora	Titulación (especifique)	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

7. GALEGO

Entidade formadora	Titulación (especifique)	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

TOTAL CURRÍCULO AUTOBAREMADO: PUNTUACIÓN	puntos
--	--------

En, o día de..... de (data/mes/ano)

Sinatura da/o aspirante:

Arteixo, 17 de xuño de 2026

Asinado Carlos Calvelo Martínez (Alcalde-Presidente)

2026/4154